

ALEGACIONES DA CIG Á ADAPTACIÓN DA RESOLUCIÓN 12/03/2013 SOBRE INSTRUCCIONES VACACIONES, PERMISOS E LICENZAS

INSTRUCCIÓN PRIMEIRA.- Ámbito de aplicación:

A redacción exclúe expresamente do ámbito de aplicación ao persoal que preste servizos nas institucións sanitarias do Sistema público de saúde de Galiza, que se rexerán polas súas normas específicas.

Responsábeis da Administración teñen respostado á nosa pregunta, e interpretado en diversas ocasións, que as antigas direccións provinciais do Sergas son “institución sanitaria”. Coa creación das áreas de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde e posteriores modificacións das relacións de postos de traballo, parte do persoal funcionario das anteriores estruturas do Sergas pasaron a depender das xerencias das áreas de xestión integrada. Sendo así, encontrámonos que todo o persoal funcionario e laboral que preste servizo na estrutura das áreas de xestión integrada do Sergas, así como quenes presten servizo en centros de saúde e/ou hospitais (por exemplo, as Unidades de Tuberculose), estarían excluídos e excluídas desta resolución de instrucións, aplicándose as “súas normas específicas”.

Dende a aprobación da anterior resolución de instrucións de vacacións, permisos e licenzas do ano 2013, tivemos que mediar en conflitos con algunha xerencia do Sergas polas restricións á hora de aplicar dereitos recollidos na referida resolución. Ante a inexistencia da norma específica da que se fala para estes casos, aplicouse o “acordo de concertación social do ano 2001”, un documento negociado no ámbito da Mesa Sectorial de Persoal Estatutario e, xa que logo, non negociado cos lexítimos representantes dos traballadores e traballadoras aos que se lles aplica.

Como solución primeira, solicitamos a inclusión nesta regulación de instrucións a todo o persoal laboral e funcionario de administración (incluídas as escalas sanitarias) da Xunta de Galiza, sen exclusión de ningún tipo. Alternativamente solicitamos a inmediata negociación desas “normas

específicas” coa lexítima representación e a aplicación da presente resolución subsidiariamente mentres tanto.

INSTRUCCIÓN SEGUNDA. DEFINICIÓNS

h).- Dende a CIG entendemos que este apartado fai referencia a instrucións 17 e non a 2ª. O decreto 1148/2011 dí xa no seu título: **Real Decreto 1148/2011, de 29 de julio, para la aplicación y desarrollo, en el sistema de la Seguridad Social, de la prestación económica por cuidado de menores afectados por cáncer u otra enfermedad grave.** É dicir, marca as enfermidades que entran na 17ª, permiso por coidado de filla ou fillo menor afectado por cancro ou outra enfermidade grave.

Polo tanto non debera ser utilizado para definición da enfermidade grave xenérica senón soamente para o apartado de menores afectados por cancro ou calquera outra enfermidade grave.

A modo de exemplo, este listado non recolle enfermidades **como o infarto.**

Sección 1ª Vacacións

INSTRUCCIÓN QUINTA. VACACIÓNS ANUAIS

Debérase aclarar que se poden xuntar días de asuntos propios a calquera período vacacional. Isto debe ser así xa que se un traballador/a colle os 22 días hábiles e non pode xuntar os días de asuntos propios sería unha discriminación. Restrinxilo sería contrario a dereito xa que **a Lei 2/2015 non establece nada en contrario.** A CIG considera necesario explicitar isto na adaptación xa que pode haber casos graves nas que unha persoa, por razóns familiares, precise coller o número máximo de días e non sería posible facelo coa redacción actual. Indicar que o número de días non variaría e non causaría prexuízo ao servizo público a forma na que o/a traballador/a decida facelo.

Indicamos tamén que, alomenos, se debera permitir coller días seguidos e si hai unha fin de semana polo medio que despois se teñan en conta de día en día, e así poder xuntalos para así permitir unha maior flexibilidade

INSTRUCCIÓN QUINTA. VACACIÓNS ANUAIS

1.- (parágrafo 4) Non obstante, para o persoal que traballe a quendas considéranse inhábiles :

- Os días de descanso semanal obrigatorio e os festivos que o/a traballador/a teña asignados nas carteleiras ou cuadrantes pendentes de gozar.
- Os días de descanso adicional por exceso da xornada máxima anual que teñan asignados nas carteleiras ou cuadrantes durante o permiso solicitado.

2.- Necesidades do servizo debidamente xustificadas.

3.- maior ou igual a 0,1; di que “Se o tempo en servizo activo fose inferior ao ano natural, disfrutaranse un número de días de vacacións proporcionais ao tempo traballado, **arredondeándose ao alza (+0,5)** a favor do persoal solicitante.”

Entendemos que o arredondeo xa debe de ser dende 0,1 a favor do solicitante e polo tanto constituír un día máis a partires desa cifra (hai que ter en conta que ao persoal interino páganlle os días de vacacións), ademais a expresión de arredondear á alza significa iso, calquera outra cousa será arredondear á baixa.

3.- (terceiro parágrafo) ou con permiso sindical a tempo completo

4.- A derradeira liña é un avance.

6.- (engadir un parágrafo ao final) No caso de que os traballadores/as dunha unidade administrativa na que ningún deles teña preferencia de elección e soliciten o mesmo período vacacional, elixirá o de máis antigüidade na Administración, debendo establecerse un ciclo rotativo entre todos os traballadores da unidade administrativa afectada.

Sección 2ª Permisos

INSTRUCCIÓN SEXTA. PERMISO POR FALLECIMENTO, ACCIDENTE, ENFERMIDADE GRAVE. "...

5.- Residencia habitual, entenderase como residencia habitual o lugar de traballo ou a residencia do/a funcionario/a, o que sexa máis beneficioso para o/a funcionario/a ou persoal laboral

(parágrafo 2 igual que o de arriba) Pódese xustificar como que nalgúns casos o permiso de 5 días é imposible de que exista (fillos menores) e sin embargo poden facer falta eses 5 días.

No punto 5, parágrafo 3 di que "No caso de hospitalización, entenderase que esta prodúcese cando o ingreso supera as 24 horas de estancia no centro hospitalario".

Dende a CIG entendemos que debe ser dende o momento que o médico estime oportuno ese ingreso, ou a partires das 7 horas de ingreso (que é o que se marca nas [instrucións de desconto por IT](#) a hospitalización vén definida, no seu apartado segundo.1.a), ademais, como a estancia de máis de 7h nos Servizos de Urgencias Hospitalarias)

INSTRUCCIÓN OITAVA. PERMISO PARA CONCORRER A EXAMES

A CIG entende que, no primeiro apartado, recóllese o texto do artigo 111 da lei, pero nos seguintes o que se fai é pasar da literalidade da lei e reformala directamente por vía dunha instrución.

A lei di que a duración do permiso abranguerá os días da súa celebración. Non fala do tempo necesario para acudir a exames polo que non ten sentido que no apartado 2 figure unha referencia ao "tempo indispensábel".

Se a DX de Función Pública quere restrinxir este permiso debían deixar a literalidade da lei como estaba e na que se fala do tempo indispensábel, pero se o goberno e o parlamento decidiron modificar o texto do permiso, quen é función pública para emendarlles, irregularmente, o texto? Coidamos que si poderían definir o que se entende por exames finais ou probas definitivas, pero non poden modificar o tempo do permiso.

Artigo 111. Permiso para concorrer a exames finais, probas definitivas de aptitude e probas selectivas no ámbito do emprego público

O persoal funcionario ten dereito a un permiso para concorrer a exames finais ou outras probas definitivas de aptitude, así como para concorrer a probas selectivas no ámbito do emprego público.

A duración deste permiso abranguerá os días da súa realización.

No EBEP estatal en canto ao permiso para probas inclúe todo tipo de probas de actitude, polo que a lei básica do emprego público de Galicia non pode restrinxir un dereito da lei marco estatal.

O texto de adaptación no último parágrafo explicita que 'Non están incluídas exames ou probas de aptitude doutro carácter, como os que se realicen para obter permisos de condución de vehículos ou similares'. Indicar que isto debera ser retirado xa que a propia administración está a pedilo como mérito ou como requirimento para moitos postos de traballo. Restringir a obtención destes permisos atenta gravemente contra a promoción profesional. Polo explicado, dende a CIG, solicitamos que se retire o dito parágrafo.

Continúa sen recollerse nin regularse o tempo de asistencia a probas cando estas se realizan fora da Galiza, xa que neste caso é necesario ter en conta o tempo de desprazamento e o tempo da realización das probas (Exemplo: Unha master na Universidade do País Vasco que teña dous exames, un lúns e un mércores, ten que vir a funcionaria/o a traballar o martes?)

INSTRUCCIÓN DÉCIMO SEGUNDA

3.c. Ou calquera outro tipo de órgano colexiado que estea legalmente constituído

Queremos facer tamén unha reflexión sobre a consideración do lugar de residencia como referencia á hora de tomalo en conta á respecto da duración do permiso e falar de ter tamén en conta o lugar de traballo. É complicada a conciliación cando traballas a ducias de quilómetros de onde tes ingresado un familiar.

4.- (segundo parágrafo) Eliminalo completamente, xa que é discriminatorio con respecto ao demais persoal.

4.a.- (segundo parágrafo) Recóllese que para acompañar ao cónxuxe ou parella de feito deberase acreditar que existen limitacións que lles impidan asistir sos. Entendemos que hai outras moitas circunstancias que sen esas limitacións o traballador debe acompañar aos fillos ou a parella, imaxinémonos ir a recoller uns resultados de unha proba de cancro, vai a ir a parella soa? **eliminar todo o parágrafo.**

INSTRUCCIÓN DÉCIMO TERCEIRA

1.- Nove días de asuntos propios.

(terceiro parágrafo) eliminar a imposibilidade de acumulalos as vacacións. Que non se poidan acumular é inaceptable.

Tampouco recolle que as necesidades do servizo teñen que ser xustificadas por escrito.

3.- Maior ou igual a 0,1

(segundo parágrafo) ou dun permiso sindical a tempo completo

4.- Para aquel persoal funcionario ou laboral que traballe a quendas, se o día 24 e/ou 31 de decembro caen no seu descanso semanal, terán dereito a dous días adicionais de asuntos particulares

5.- Eliminar "... de ámbito nacional"

INSTRUCCIÓN DECIMO CUARTA

"... sete días"

INSTRUCCIÓN DÉCIMO SEXTA

1.-debidamente xustificadas

INSTRUCCIÓN DÉCIMO SÉTIMA

- 1.- "... polo período necesario"
- 3.- "... debidamente xustificadas"

INSTRUCCIÓN VIXÉSIMA

- 1.- "... debidamente xustificadas"
- 2.- " debidamente xustificadas"

INSTRUCCIÓN VIXÉSIMO PRIMEIRA

(segundo parágrafo) "...debidamente xustificadas"

Compostela, 4 de decembro de 2015

Roberto Varela Gestal

Secretario nacional da CIG-Autónomica

DIRECCIÓN XERAL DE FUNCIÓN PÚBLICA
CONSELLERÍA DE FACENDA